

VIAXE A BÉLXICA PARA 6º de Educación Primaria
Intercambio lingüístico do CEIP VISTA ALEGRE
co colexio belga GBS DE BOSMIER

DATAS: **Do 12 ao 21 de maio de 2008**

Luns 12 de maio

- Saída do CEIP Vista Alegre de Burela ás **6:30 h. da mañá** nun autobús de Morán.
- Chegada ao aeroporto de Asturias (Avilés) ás **9:00 horas**. *O alumnado deberá levar bocadillos e bebidas para comer ao chegar ao aeroporto de Asturias.*

Vuelo directo a Bruselas:

- Saída de Asturias ás **11:05 horas**.
- Chegada a Bruselas (*Aeroporto de Zaventem*) ás **13:00 horas**. **Alí estará esperándonos Greet Snoeck, a Directora do colexio GBS de Bosmier.**
- Traslado do grupo á área recreativa de “Zilvermeer” = “*Lago de prata*” na provincia de Amberes en autobús. (*1:30 h. de ruta aproximadamente*).
- **14:30 h: Chegada ás instalacións e Comida servida polo restaurante de Zilvermeer.** (*Contratamos pensión completa para esta primeira semana*)
- Distribución do alumnado nas habitacións do bungalow.
- **16:30 h. ás 18:00 h.:** “*Afternoon activities and games*” (Tarde de actividades e xogos) con monitores dentro da área recreativa de Zilvermeer.
- **19:00 h. : Cea.**



provinciaal Recreatiedomein Zilvermeer

Zilvermeerlaan 2

2400 Mol

tel.: 00 32 014 82 95 00

Estaremos aloxados no bungalow da imaxe dende o luns 12 ata o venres 16 de maio 2008 moi preto do colexio belga: GBS de Bosmier.

Despois da cena: Recollemos. Asamblea e grupo de traballo para o informe diario, xogos, aseo persoal e descanso. (*Deitarémonos ás 09:30 h. da noite*)

Martes 13 de maio

8:00: Levantarse, aseo persoal, preparación das habitacións

8:30: Almorzo

9:00: Presentación das actividades ao grupo.

9:30 – 12:30: Recorrido polos canais en barco e veremos como funcionan as esclusas.

12:45 h: Comida en Zilvermeer (Lunch)

Ao volver alquilarémos bicicletas no camping e iremos ao colexio “GBS De Bosmier” que está a 3 km en bicicleta como o fan a maioría dos nenos de alí.

13:30 – 16:00: Benvinda no colexio con actividades programadas para a ocasión deste primeiro encontro. Unha visita ao colexio, clases e paseo polo bosque que o rodea. Ao final merendaremos todos xuntos uns “pancakes = filloas” cociñadas por uns pais e nais voluntarios e degustaremos uns xelados típicos dese país.

16:00 – 20:30: Os nenos irán coas familias belgas para coñecer mellor ao seu “pen-friend” e familia de acollida, pasarán a tarde e cearán xuntos. (Verán cómo viven, costumes, a qué hora comen, qué comen.....)

21:00 h.: Recollida do alumnado no colexio belga para voltar en bicicleta ao campamento.

21:30 h: Asamblea e grupo de traballo para o informe diario, aseo persoal e descanso.

22:00 h: A dormir !!

Mércores 14 de maio

7:00: Levantarse, aseo persoal, preparación das habitacións

7:15: Almorzo

7:45 h.: Saída en autobús para a capital: **Bruselas**

9:30 h.: **Visita guiada en español ao PARLAMENTO EUROPEO.**

12:00: Recepción do grupo na **“FUNDACIÓN GALICIA EUROPA”**

Tarde: Visita a Bruselas: Atomium. Grand Market, Estadio de Fútbol (Heisel), Maneken Pis.....

Regreso e chegada aproximada ás 19:00 h.

19:30 h.: Cea en Zilvermeer.

20:30 h: Recollida das mesas,....Asamblea e grupo de traballo para o informe diario, aseo persoal e descanso.

10:00 h.: A dormir!!

Xoves 15 de maio

7:30: Levantarse, aseo persoal, preparación das habitacións

8:30: Almorzo

9:00: Presentación das actividades ao grupo e completar traballos pendentes.

DÍA ADICADO Á ACTIVIDADES DE AIRE LIBRE E DEPORTES NA ÁREA RECREATIVA DE ZILVERMEER CON MONITORES PARA O ALUMNADO E OS SEUS PENFRIENDS.. (Sports Day)

10:00 – 11:00 : Actividades de auga no lago: remo, bicicletas de auga, ...

11:00 – 12:00: Kayak

12:30 h.: Comida en Zilvermeer.

14:00 – 16:00 : “Survival Tour” ou recorrido multiaventura

16:00 h: Merendamos e repoñemos forzas.

17:00 h. a 18:30 h: Preparamos a bolsa da piscina e iremos andando durante 10 minutos ata a piscina cuberta (Holiday Resort Sunparks)

19:00 h.: Cea.

19:30 h. a 20:30 h.: Recollemos as nosas cousas, lavamos a nosa roupa,....
Escribimos no nosos Diario de viaxe,

20:30-21:30 h.: Tempo para recoller a roupa e preparar as maletas.

21:30 h: Aseo persoal e Boas Noites a descansar!!!

Venres 16 de maio

6:30: Levantarse, aseo persoal, preparación das habitacións.

7:00: Almorzó

7:45 h. : Excursión co alumnado de 5º e 6º de GBS de Bosmier a YPRES (LEPER en holandés). Chamada “Cidade da Paz” xa que foi unha das cidades mártires durante a 1ª Guerra Mundial (1914-1918). Visitaremos o museo, ...Pola tarde iremos ata a Costa..

Iremos no mesmo autobús os nenos de Burela e de Balen e pasaremos todo o día xuntos.

Observacións: - Levaremos un “packed lunch” (bocadillos, fruta, ...) preparados polo Restaurante de Zilvermeer.

- As nosas maletas serán levadas á casa dos Scouts en Hulsen por un coche do Concello. Persoal do colexio belga axudará a levarnos as nosas pretensas á nosa nova casa. *Así que deberemos deixar todo listo o xoves pola noite.*

Chegaremos tarde polo que está pensado cear polo camiño. Os titores belgas de 5º(*Bert*) e de 6º(*Luc*) son os encargados de preparar esta excursión. Están pensando levarnos a coñecer a costa belga no Mar do Norte á volta.

Á volta, iremos instalarnos en Hulsen (Casa dos Scouts):

- Distribución do alumnado e profesorado nas habitacións.
- Normas de convivencia para o grupo, ...

20:30 h: Asamblea e grupo de traballo para o informe diario, aseo persoal.

21:00 h: Descanso e a Dormir !

Sábado 17 de maio

8:00: Levantarse, aseo persoal, preparación das habitacións

8:30: Almorzo : Encargaremos todos os días croissants, panecillos, galletas. .. nunha panadería situada a 200 m. da nosa casita que nos traerá o pedido para servir no almorzo... Haberá turnos entre o alumnado e profesorado para servir e recoller.

9:30: Presentación das actividades ao grupo. Día de diversión xunto cos compañeiros e compañeiras belgas.

10:15 h.: Iremos a **BOBBEJAANLAND** en autobús, un parque de atraccións situado a 30 minutos do noso aloxamento e pasaremos alí todo o día. Comeremos no parque a mediodía.

19:30 h: Regreso a Hulsen.

Contrataremos un cociñeiro para facer unha Barbacoa “**Barbecue**” de carne, salchichas, ensaladas,....Tamén estará profesorado do colexio belga, alumnado e familias....Este sitio ten moito espazo verde e campos de fútbol....Ao final virá un “Ice-Car”, para comer o postre típico de alí: Xelados de todos os sabores

(Greet quiere invitar aos nosos alumnos/as)

21:30 h: Asamblea e grupo de traballo para o informe diario, aseo persoal.

22:30 h: A Dormir!!!

Domingo 18 de maio

8:00: Levantarse, aseo persoal, preparación das habitacións

8:30: Almorzo (*Como o día anterior*)

9:00: Presentación das actividades ao grupo e completar ou realizar traballos pendentos.

10:00 h.:

- Paseo polo bosque e polas dunas que rodean Pulsen.
- Prepararemos comida típica española ou galega: Tortillas,...para levar á festa do cole
- Ensaio do alumnado.

12:00 h: Comida típica belga (Belgian Fries....) en Hulsen ou Bocadillos xa que hai cerca da casa un supermercado donde se pode comprar queixo, xamón,....

13:30 h.: Festival e Día de Convivencia no colexio GBS De Bosmier: Alumnado, Familias, Profesorado belga xunto co noso Grupo do CEIP Vista Alegre de Burela.

- Festival con actuacións do alumnado, profesorado.... Nós tamén subiremos ao escenario!! (Este ano está adicado a cancións e bailes dos programas de TV)

- Merenda- Cena todos xuntos ata ás 18:00 horas.

18:30 h.: Regreso a Hulsen ... Asamblea e grupo de traballo para o informe diario.

20:30 h: Cea

22:00 h. aseo persoal e descanso.

Luns 19 de maio

7:00: Levantarse, aseo persoal, preparación das habitacións

7:30: Almorzo (Como en días anteriores)

8:00: Presentación das normas e actividades ao grupo.

8:30.h: Iremos ao parque temático EFTELING en Holanda (un dos parques máis visitados en Europa e situado a 75 minutos do noso aloxamento en Hulsen) . A temática do parque é: O PAÍS DOS CONTOS: “ Hensel e Gretel”, “A Cenicienta”,.....

Pasaremos alí todo o día e comeremos no Parque. (Billete con comida incluída)

18:30.h: saída do Parque

20:00 h: Chegada a Hulsen.

20:30 h: Cea de Sandwiches de pollo, queixo,..con ensaladas...(Encárganse con anterioridade) para telos no comedor ao chegar de viaxe.

21:30 h: Asamblea e grupo de traballo para o informe diario, aseo persoal e descanso.

10:00 h: A dormir!!

Martes 20 de maio

7:00: Levantarse, aseo persoal, preparación das habitacións

7:30: Almorzo

8:00: Presentación das normas e actividades ao grupo

8:30 h: Excursión co alumnado de 2º ciclo de GBS de Bosmier. Iremos visitar o Museo do Pobo Belga: Bokrijk ao aire libre.

- Antes de mediodía: visita ás casas antigas,...

12:00 h.: Comida xunto co alumnado belga nun restaurante do museo de Bokrijk.

- Tarde: Obradoiros (Facer cordas, huchas, cerámica...)

- Tempo para xogar nos parques de Bokrijk.

16:00 h.: Regreso.

16:30h: O noso alumnado volverá a pasar a tarde coa familia de acollida e co seu “penfriend”.

20:30 h: Asamblea e grupo de traballo para o informe diario, Conclusións desta visita, preguntar como queren os bocadillos para a viaxe,... preparamos as maletas, aseo persoal e descanso.

21:00 h.: A Dormir!!

Mércores 21 de maio

7:00: Levantarse, aseo persoal, recollida das habitacións, meter todo nas maletas...

7:30: Almorzo (*Como en días anteriores*)

8:00: Preparamos os bocadillos para a viaxe (*Comida e merenda*).

Recordamos as normas e o programa para a volta á casa.

09:30 h.: Saída en autobús para Bruselas.

11:00 h: Chegada ao aeroporto de Zaventem en Bruselas: Facturar, Comer algo
.....

13:35 h: Saída do vo directo a Asturias.

15:35 h: Chegada do vo a Asturias (Aeroporto de Avilés)

16:00 h: Saída do aeroporto no autobús da Empresa Morán

18:00-18:30 h: Hora de Chegada aproximada ao Colexio Vista Alegre de Burela.

